

A salvadora esencialidá do suicidio na altivez Celta

De soio regustar a savoranza da tona ou da cerna das nobres virtús galegas, a pouco que se lembren as escollidas leituras feitas a través da nosa mocidade, surden, sin dúbida ningunha — si se tén a comeñente perceición dos dereitos, obrigas e sentimento da nativa terra avencellados, — outas comparanzas que nos levan a enxerguer cánto de grandes, de subrimos e d-heroicos foron os benzoados homes que, cäl inxentes menhires ou barudos dolmens — os da estrela vespertina na fronte — déron-nos a lus das arelas patrias e o agre gustor — sangue dos nosos antenados — que produz a fervenza artereal cando, coma hoxe acontez, ollamos que Galiza segue aferrollada pol-o despótico barroquismo castelán. Dixemos, e repetimos: despótico barroquismo, porque non merez o forte nome de prometeonés pedrouzo; infiríndose, pol-o mesmo, máis aldraxe, máis vergonza pra nos: Pódese desfacer o aparente poider de Castela... ¡e non nos atrevemos, non nos arriscamos a facel-o!...

Das leituras cotidiáns — tornamos a eispresar — lembrámonos, agora, ô riscar da pruma, d-un home eixempran da raza nosa, raro eixempran no cäl fundamento a

seren escravos, eran decapitados pronamente, contra o chan, por traidores, pois, a traidoría, pr-ós celtas, era non só pasarse ô campo nemigo, senón renderse. Eis, a esencialidá salvadora do suicidio de que falamos; eis, a causenante da pavidez que facía espenuxar e tremer ás hostes do traidor Cépion: Na iñoranza de Roma, onte, e hoxe, na estérea i-alma — se a tén — de Castela, nin poido nin pode adrentarse tan outa, tan sutil e inmorrente virtualidá, por atinxéncas negativas raciales africanas: Bafuismo e cativez dimanantes de Cartago.

Dá mágoa comprobar que—tanto na maoría dos homes, coma na das bestas e na dos paxaros e aves — o sentimento da rebertía e da independenza, non latexa nin se manifesta, por igoal: Eisceición do 1 0/00 (1 un por mil!) cáseque os demáis (homes, bestas, paxaros e aves)—rêdecimos,—seguen as naturaes solicitús do cällo: A broa, o alcacén, a carne, os bichocos, etc., respeitivamente, son o ceo d-éles. O demáis, ¿o demáis?... é música seráfica...

E vén ás mentes — lembranza — d-esfollatas de bôs libros, como deixamos dito no comenzo — a comparanza d-«O Melro», aquel

virtú que serve de lenda a estas liñas: ¡VIRIATO!... Veleíquí, o máis esgrevo espello da xurdia esencialidá que, ô noso entender, é faro esculcante, no decorrer dos séculos, contra das brétomas que, por sorte, xorno a xorno, xa se desgazan, dando paso a i-alba da integralidá de Celtinérea — Galiza — co-a conseguinte doenza pr-ós menguados «pigmeos hispánicos», os da «unidá»: Galiza segue sendo — péselle os seus detraidores — un povo diferencial e diferenciado dos demáis peninsulares.

A esencialidá — celme, extraito, siquiza, etc. — que vimos enlñando, é aquela «ánima-cerna» que manda en nos sin que poidamos negal-a, aínda intentemos tal cousa facer: ¡Conscéncia do sobconsciente, votiva lus que, o surdir no consciente, segue alumeando, mandando, anque a loita pol-a vida nos obrigue, inesorábelmente, algunha que outra leve ves, a pospoñel-a; mais, non dal-a ô esquencemento.

Non podería eispriçarse d-outro xeito, senón c-un fondoso coñecemento da devandita virtude, a aittítu adoitada pol-os guerreiros celtas — singularmente os artabrorums e os lusos — cando tiñan a disgracia de ficar prisioeiros dos románs: ¡prefirían suicidarse, denantes de sobmeterse a tal baixeza! Certo é bô lembrar que, tamén, si voltaban antr-os hirmáns — rara ves socedía —, logo de

melro — esprito de libertade — do fermoso i-endereitador poema de Guerra Xunqueiro, que o bondoso d-un crego quería protexer... pra que lle cantara i-encantara a súa vellez... ¡melrò que prefirio suicidarse, en troque de vivir escravo na gayola! Coma antr-os homes, tamén, antr-os paxaros, é raro, moi raro alcontrar taes eixemprancs libertarios, cousa probada, por certo: Brum, no Uruguay... valla a comparanza...

D-eña esencialidade — péselle os outimistas — pouca, pouquísima eisiste, pol-o que se vai ollando; máis, supoñendo que eisí non fose — ¡ogallá! —; ademitindo que eisistira na sobconcéncia da maoría dos galegos, pro, sin aferrar á tona do esprito, sería o caso de que «os bós e xenerosos», foran esculcando, cateando na procura de tan outo ben que — poida ser, insistimos — fica na celta «ánima-cerna», coma fica na terra o *radio sandador*, sô precisándose mentes craras e mans traballadoras pra facer o miragro, — pol-o que atinxen ós futuros patriotas galegos, — como fixeron os cónxogues Curie: Desenterral-o, pra que alume e sande a tantos servos galegos, que desconocen a esencialidá do verso pondalino:

...«Quén serve, ése he vil»

Voltar á práctica espiritual dos nosos antergos, anque con novos azos, módulos e troquels; voltar a esa gran vontade que nos nosos

TIRANDO AS LIÑAS

De acá e de alá

(Terminazón)

O Goberno da Hespaña acordou importar 73.500 toneladas de millo d'Arxentina, fixando os dereitos en 5 pesetas ouro o quintal métrico.

En troque d-ese millo o goberno hespañol, eisportará 40.000 toneladas de arroz de Valencia.

Quer decir que o goberno hespañol leva o millo pra venderlo caro a Galiza e d-ese xeito, os cartos dos galegos irán a parar as mans dos valencianos.

Mentras tanto, os conserveiros galegos e os obreiros galegos que viven das industrias do mar, pasarán fame e miseria por culpa da trabucada política da Hespaña.

Pensade galegos, no que se pode agardar da soberbia e da incompreñsion africana dos políticos casteláns.

* * *

O goberno catalán fixo unha lei de terras d-acordo co-as necesidades e modalidades do povo de Cataluña e ao goberno hespañol, ispirado pol-os elementos monárquicos, paréz que esa lei lle fai coxegas.

E que a Hespaña non lle convén que Cataluña se valla soia, porque anque a Hespaña s-esnaquice e quede soia Castela, éla

fruencia, a esta especie d-homes que, sen contar coa simpatía do pobo e dos estudantes, e que pol-o feito de seren estranxeiros non deberan d'ocupar posto algún nās instituzons de nosa Patria, ven-se axudado por treidores, en perxuicio de profesores galegos que con seguridade tén máis méritos para suprantal-os.

Eses desleigados, faltos de conciencia, que tén o pensamento no estómago e o peito valeiro de sentimentos de galeguidade, seguirán facendo das suas falcaturadas mentras a crítica non troque en meios de mais expresiva contundencia, que fagan o miragre que esas xentes non vivan na absoluta impunidade.

E mēster que así sexa, pol-a liberdade da nosa cultura que vese en perigo de desaparecer; d-esa cultura, que despois de catro séculos e meio, aínda os nosos escravizadores non poideron escurecer a súa grandeza; d-esa cultura tan galega, tan nosa como é a secular Universidade de Compostela, que síntese hoxe aldraxada ao verse obrigada a cobixar no seu seo a nemigos da liberdade da Terra e da nosa cultura que asómaba ao mundo civilizado en tempos en

non perderá endexamáis o seu carácter asoballador e imperialista.

=====

LIBROS PORTUGUESES

Obras de aitores portugueses imprentadas no belido idioma de Portugal.

Están a venda na casa de Manoel Gonçalves.

Reconquista 555. Oficina 1.a

Buenos Aires.

hirmáns de raza, Eamón De Veleira e Mac Sweeney (alcalde de Cork), foron boureles salvadores da Patria Irlandesa. E si e si non fora — pol-o menos, denantes que ollarse escravos —, saber morrer como morrer quería o guerreiro patriota:

...«aínda apreixando o rutilante feque verte gota a gota»... [rro,

Eis a salvadora esencialidá do sagreficio, da heroicidade, do suicidio da altivez celta, que conñiamos, fondamente espranzados, s espalle máis *entre nos*, pois é preciso chegue axiña o momento sinalado pol-o bardo de Bergantiños, de quen son os devanditos versos i-estes outros, *Santo e Señá*: «Agárdovos na esquiva e dura proquezáis en tempo breve»... [ba,

Antón Zapata García

Bós Aires.

que Galiza estaba ceibe d-opresores.

Non é posivel concebir que poida deixarse que entre no noso pobo unha cultura allea, entroques da nosa que, no obstante o letargo de séculos de domeazón, fica por riba da que nos queren impór.

E obriga de galegos, loitar pol-a independenza da nosa cultura, xa que elo trai aparelado a liberdade da Patria. No momento actual cóntase coa despreocupazón do goberno central, ao omitir ao noso pobo nos presupostos para a enseñanza; peor sería que o diñeiro despojado aos labregos galegos, voltara convertido en cultura nemiga e inferior.

Dende logo que esto non amortigua en nada o significado que para Galiza importa o devandito presuposto escolar, xa que, naturalmentes, o goberno da República non tivo en conta o motivo apuntado, e moito menos que sociedades galegas de América, con moi plausibel idea, mais que para mín e unha inconscenza, propicien con grande sagreficio a construzón d'escolas pra lle ensinar aos nosos nenos a cultura cativa de quenes serán o día de mañán seus eisprotadores, propagando tamén, por outra parte, a emigrazón da xuventude galega, que é para o único que serve semellante ensino.

ANT-DAL-VI